

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FONMIÑÁ.
CURSOS: 2º E 3º DA ESO.
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA.
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA.
DATA: 15/05/2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
 - 1.1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles vistos con traballo a distancia FÍSICA e QUÍMICA de 2º da ESO.
 - 1.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles vistos con traballo a distancia FÍSICA e QUÍMICA de 3º da ESO.
2. Avaliación e cualificación para as dúas materias mencionadas nos puntos 1.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre para as dúas materias mencionadas nos puntos 1. (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade para as dúas materias mencionadas nos puntos 1.

1.1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles vistos con traballo e formación a distancia FÍSICA e QUÍMICA de 2º da ESO.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| B4.6 Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende. | FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes. FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos. |
| B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios. | FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos. |
| B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio. | FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras. |
| B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiás. | FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor. FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. |
| B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio. | FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc. |
| B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable. | FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. |

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles recollidos nesta táboa anterior 1.1. son os referidos aos vistos con traballo e formación a distancia durante as dúas últimas semanas do segundo trimestre e durante todo o terceiro trimestre.

Destacar que os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles e traballados durante as clases presenciais no 1º e no 2º trimestre son os recollidos na Programación Didáctica oficial do Departamento de Física e Química para o curso de 2º da ESO e que teñen unha porcentaxe igual ou superior ao 50% no grado mínimo de consecución dos mesmos.

1.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles vistos con traballo e formación a distancia FÍSICA e QUÍMICA de 3º da ESO.

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|--|
| B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións. | FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións. |
| B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais. | FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa. FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas |
| B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente. | FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global. FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia. |
| B4.1. Coñecer os tipos de cargas eléctricas, o seu papel na constitución da materia e as características das forzas que se manifestan entre elas. | FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns. FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analoxías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica. |
| B4.2. Interpretar fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valorar a importancia da electricidade na vida cotiá. | FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática. |
| B4.3. Xustificar cualitativamente fenómenos magnéticos e valorar a contribución do magnetismo no desenvolvemento tecnolóxico. | FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas. |
| B4.5. Recoñecer as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas. | FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas. |
| B5.1. Identificar e comparar as fontes de enerxía empregadas na vida | FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a |

| | |
|--|---|
| diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais | partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais. FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas. |
| B5.3. Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas. | FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor. FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm. FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e reconece os principais materiais usados como tales. |
| B5.4. Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e a construción de circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas. | FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuítos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional. |
| B5.5. Valorar a importancia dos circuítos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus compoñentes. | FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuítto eléctrico. FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuítto eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función. |
| B5.6. Describir a forma en que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo. | FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta. |

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles recollidos nesta táboa anterior 1.2. son os referidos aos vistos con traballo e formación a distancia durante as dúas últimas semanas do segundo trimestre e durante todo o terceiro trimestre.

Destacar que os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles e traballados durante as clases presenciais no 1º e no 2º trimestre son os recollidos na Programación Didáctica oficial do Departamento de Física e Química para o curso de 3º da ESO e que teñen unha porcentaxe igual ou superior ao 50% no grado mínimo de consecución dos mesmos.

2.- Avaliación e cualificación para as dúas materias mencionadas nos puntos 1.

| | |
|----------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguimento diario e/ou semanal do avance e traballo do alumnado a través da entrega da realización e execución pola súa parte das diversas tarefas, exercicios, traballos, presentacións, programas, deseños, etc. solicitados. - Seguimento diario da formulación e aclaración de diversas dúbidas. - Control do cumprimento dos prazos de entrega de tarefas, exercicios, traballos, presentacións, programas, deseños, etc. - Control da corrección dos erros e/ou modificacións solicitadas das tarefas e/ou dos exercicios no caderno por parte do alumnado. - Control da corrección dos erros e/ou modificacións solicitadas nos traballos e/ou presentacións feitas por parte do alumnado. - Control da corrección dos erros e/ou modificacións solicitadas nos programas e/ou deseños feitos e executados polo alumnado. |
| | <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fotografías do caderno do alumnado coa formulación, desenvolvemento e execución dos exercicios, tarefas, etc. - Fotografías do caderno do alumnado antes e despois das correccións de erros e/ou modificacións solicitadas. - Traballos, presentacións, programas, deseños, etc. feitos e entregados polo alumnado. - Cuestionarios online individuais. - Calendario de prazos de entrega. |
| Cualificación final | <p>1. Alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións aprobadas: A media final das dúas avaliacións cursadas como clases presenciais no centro (1ª e 2ª avaliación) calcularase tal e como se recolle na Programación Didáctica de Física e Química en canto á ponderación de probas escritas e/ou orais, traballos individuais e/ou en grupo, caderno de clase, traballo diario, observación directa na aula, así como calquera outro instrumento de avaliación que na mencionada PD se recolla.</p> <p>O traballo realizado (fora das clases presenciais no centro) ao final da 2ª avaliación (últimas dúas semanas) e na totalidade da 3ª avaliación poderá subir esta media final ata en 2 puntos en base ao traballo realizado polo alumnado durante todo o tempo no que se realizou formación a distancia. Para que a media calculada se vexa incrementada valorarase: o cumprimento das especificacións solicitadas e seguindo as pautas marcadas en cada traballo, tarefa, exercicio, etc.; os prazos de entrega dos mesmos; corrección de erros solicitada polo profesorado; formulación de dúbidas para unha boa e correcta execución dos exercicios, tarefas, traballos, etc. solicitados; en definitiva, en función do traballo, interese, implicación, esforzo, constancia, participación, aportacións, cooperación, responsabilidade, etc. e da disposición do alumnado para aprender e seguir co seu proceso de aprendizaxe e formación a distancia nesta situación</p> |

| | |
|---|--|
| | <p>extraordinaria e tan difícil que estamos a vivir.</p> <p>2. Alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas: A/s avaliación/s correspondente/s consideraranse superadas sempre e cando o alumnado entregue todos os traballos, tarefas, boletíns de exercicios, etc. de recuperación solicitados. Cumprindo coas especificacións solicitadas e seguindo as pautas marcadas polo profesorado e dentro dos prazos de entrega marcados, pregunte dúbidas se as houbera, corrixa os erros que se lle indiquen e, en definitiva, amose interese e disposición por aprender. NON se considerará/n superada/s a/s avaliación/s pendentes se o alumnado non fai entrega, en forma e prazo, de todo o traballo proposto e solicitado (excepto por causas debidamente xustificadas), ou se o traballo entregado polo alumnado non cumpre cos criterios establecidos e solicitados polo profesorado.</p> <p>Lembrar que: As tarefas de recuperación e/ou probas que se realicen no terceiro trimestre van servir para superar a primeira e/ou segunda avaliación, e/ou as materias pendentes de cursos anteriores de ser o caso. O resto de tarefas servirán para mellorar a cualificación final do alumnado. Todo o referente en canto a avaliación sobre os contidos vistos, impartidos e traballados nas clases presenciais na 1ª e 2ª avaliación rexeráse polo que se recolle na Programación Didáctica oficial de Física e Química.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>O alumnado que non promocioe en xuño deberá presentarse coa materia suspensa á convocatoria extraordinaria de setembro.</p> <p>A/s proba/s desta convocatoria extraordinaria incluírá/n contidos do primeiro e segundo trimestre, isto é, todos aqueles contidos impartidos e traballados de forma presencial nas aulas do centro e recollidos na Programación Didáctica do Departamento de Física e Química.</p> <p>A/s proba/s versará/n na súa maior parte sobre aqueles estándares de aprendizaxe que teñan unha porcentaxe igual ou superior ao 50% no seu grado mínimo de consecución por considerados estes como estándares de aprendizaxe imprescindibles.</p> <p>Nun principio a proba será presencial e escrita salvo que as circunstancias do momento non o permitan.</p> <p>Considerarase a materia superada cando a nota acadada na/s proba/s sexa igual ou superior a 5 puntos, tal e como se recolle na propia Programación Didáctica de Física e Química.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación: <i>Non hai alumnado con estas materias pendentes.</i></p> <p>Criterios de cualificación: <i>Non hai alumnado con estas materias pendentes.</i></p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <i>Non hai alumnado con estas materias pendentes.</i></p> |

**3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
para as dúas materias mencionadas nos puntos 1.
(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

| | |
|---|---|
| Actividades | <p>Realizaranse actividades de recuperación para a asimilación de contidos vistos durante as clases presenciais no instituto ao alumnado que teña algunha das avaliacións anteriores (1ª e/ou 2ª) suspensa para que poda recuperala.</p> <p>Realizaranse actividades de repaso e reforzo de contidos vistos durante as clases presenciais no instituto para todo o alumnado para afianzar a aprendizaxe dos contidos vistos nas avaliacións anteriores.</p> <p>Realizaranse actividades de reforzo de contidos vistos durante as clases presenciais no instituto para todo o alumnado con maior dificultade de aprendizaxe ao que no seu momento lle costara máis a asimilación dos contidos vistos nas avaliacións anteriores.</p> <p>Realizaranse actividades de ampliación de contidos considerados imprescindibles en base a adquirir os estándares de aprendizaxe imprescindibles sinalados nos puntos 1.1 e 1.2.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>A metodoloxía que se levará a cabo será diversa para garantir a comunicación co alumnado mediante a páxina web do instituto, a aula virtual do mesmo, por correo electrónico ou por calquera outro método de comunicación virtual e a distancia que se estime convinte en calquera intre segundo as características dos contidos a tratar e/ou da conectividade que poda ter en cada intre o alumnado.</p> <p>O traballo exporáselle ao alumnado de xeito diario (preferiblemente segundo o horario de clase do alumnado) e/ou semanal a través do envío de documentación, información, explicacións diversas, indicacións pertinentes, etc. así como de boletíns de exercicios, tarefas diversas e variadas, traballos, presentacións, etc.</p> <p>Principalmente empregárase o correo electrónico e o Google Drive:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Para o envío e/ou intercambio de documentación, información, explicacións, indicacións, tarefas, boletíns de exercicios, especificacións técnicas para a realización de traballos, deseños, etc. ➤ Para a formulación e posterior resolución de dúbidas, corrección de exercicios, tarefas, traballos, etc. ➤ Para a recepción dos exercicios, tarefas, traballos, presentacións, programas, deseños, etc. feitos polo alumnado. |
| Materiais e recursos | <p>Como material empregárase o libro de texto que estabamos utilizando nas clases presenciais no instituto e a maiores empregaremos, segundo as circunstancias e os contidos que se estean traballando, material de elaboración propia, así como material audiovisual dispoñible na rede, material facilitado por outras editoriais, material facilitado pola consellería (edixgal), etc. que se poda empregar para facilitar a comprensión e asimilación por parte do alumnado dos contidos xa vistos (recuperación, reforzo, repaso) como dos contidos que veremos a maiores neste 3º trimestre (ampliación).</p> <p>Como recursos empregaremos o correo electrónico, plataforma Google Drive para compartir arquivos e documentos, Aula Virtual, Páxina Web do Centro, etc.</p> |

**4.- Información e publicidade
para as dúas materias mencionadas nos puntos 1.**

| | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | A información ao alumnado e ás familias será transmitida a través da páxina web do centro así como por correo electrónico preferentemente. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Aviso de dita publicación na páxina web do centro a cada alumno/a a través do correo electrónico. |